

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO, MATERIAL ESCOLAR E PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO CURSO 2021/2022

Estimadas familias,

Informámosvos que está aberto o prazo de presentación de solicitudes para adquisición de libros de texto, material e fondo de libros para o vindeiro curso 2021/2022, contemplado na Orde do 06 de maio de 2021 publicada no DOG do 20 de maio.

Como todos sabedes, debido á situación actual, a recomendación é que as solicitudes sexan presentadas preferiblemente de forma telemática a través da aplicación **FONDOLIBROS** (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>), ou a través da **SEDE ELECTRÓNICA** da Xunta de Galicia (procedemento ED330B), accedendo con CHAVE365 ou certificado dixital. Na seguinte ligazón tendes toda a información relativa ao procedemento: <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento>

Opcionalmente, poderanse tramitar as solicitudes de xeito presencial na secretaría do centro en **HORARIO de 10:30 A 12:30 horas**. Os impresos estarán dispoñibles para descargar na plataforma Educamos, na páxina web do centro, ou ben na SEDE ELECTRÓNICA da Xunta de Galicia.

Debido á situación sanitaria, co fin de minimizar riscos, imos establecer un calendario escalonado de turnos para os distintos cursos e así intentar evitar a concentración de persoas na medida do posible.

DEBEN TER EN CONTA QUE OS CURSOS QUE SE INDICAN NO SEGUINTE CADRO SON OS QUE CURSARÁ O ALUMNADO MATRICULADO NO VINDEIRO ANO ACADÉMICO 2021/2022:

1º e 2º de PRIMARIA	3º e 4º de PRIMARIA	5º e 6º de PRIMARIA	1º e 2º da ESO	3º e 4º da ESO
LUNS 24 de MAIO	MÉRCORES 26 de MAIO	VENRES 28 de MAIO	MARTES 1 DE XUÑO	XOVES 3 de XUÑO
MARTES 25 de MAIO	XOVES 27 DE MAIO	LUNS 31 de MAIO	MÉRCORES 2 de XUÑO	VENRES 4 de XUÑO
LUNS 7 de XUÑO	MARTES 8 de XUÑO	MÉRCORES 9 de XUÑO	XOVES 10 de XUÑO	VENRES 11 de XUÑO

Aquelas persoas que por calquera circunstancia, non poidan facer o trámite nas datas establecidas, poderán presentar a solicitude ata o día 22 de xuño no horario indicado.

A solicitude será única para todos os fillos/as matriculados/as no mesmo centro. As familias con máis de un fillo/a matriculado/a no centro, poderán presentar unha única solicitude en calquera dos días indicados para o curso de un deles.

DOCUMENTACIÓN que deberán aportar:

- **ANEXO I** (Solicitud cubierta e asinada polo solicitante, que será o titor/a legal dos/as alumnos/as).
- **ANEXO II** (Comprobación de datos e sinatura dos restantes membros da unidade familiar distintos do solicitante).
- Fotocopia e orixinal para cotexar do **LIBRO DE FAMILIA**
- Fotocopia da sentenza xudicial ou convenio regulador no caso de separación ou divorcio.

PRAZOS	
Presentación de solicitudes:	Do 21 de maio ata 22 de xuño.
Presentación de solicitudes para os que repitan 4º da ESO:	Un mes desde a matrícula en setembro.
Publicación de listaxes provisionais:	Ata o 9 de xullo.
Reclamacións ás listaxes provisionais:	Dous días seguintes á publicación.
Publicación de listaxes definitivas de Educación primaria:	Ata o 20 de xullo.
Publicación de listaxes definitivas da ESO:	Ata o 15 de setembro.
Entrega dos vales ás familias:	Informarase a través da plataforma do periodo de recollida dos vales.
Recollida dos libros do Fondo de Libros:	Entregaranse aos alumnos ao comezo do curso escolar.

RESUMO DO FONDO E DAS AXUDAS

	Renda per cápita familiar			Calquera renda per cápita					
	≤ 6.000€	> 6.000 e ≤ 10.000€	≤ 6.000€	En garda ou tutela da Xunta		Discapacidade ≥ 65%		Educación especial	
	Libros de texto		Material	Libros de texto	Material	Libros de texto	Material	Libros	Material
1º e 2º EP	210€	140€	50€	210€	50€	275€	50 €	275 €	50 €
3º, 4º, 5º e 6º EP ou ESO	Fondo: 6 libros ⁽¹⁾	Fondo: 4 libros ⁽¹⁾		Fondo: 6 libros ⁽¹⁾		Fondo: 6 libros ⁽¹⁾ ou: 275 € ⁽²⁾			
Alumnado con NEAE – EP ⁽³⁾	210€	140€		210€					
Alumnado con NEAE – ESO ⁽³⁾	240€	160€		240€					

⁽¹⁾ O número de libros que se indica é o mínimo garantido, pero poderá incrementarse se houbera existencias suficientes no centro.

⁽²⁾ O alumnado cunha discapacidade ≥ 65 % matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º EP ou 1º, 2º, 3º e 4º da ESO que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario do centro, recibirá a axuda para libros, e poderá adquirir libros doutros cursos ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 1ª).

⁽³⁾ O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que, a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros axeitados no fondo solidario en ningún curso, o centro expediralle un vale, co que poderá adquirir libros ou material didáctico e complementario específico que o centro docente determine (Disposición adicional 2ª).

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa solicitude.